

ACORDOS DA COMISIÓN DO TÍTULO DO MASTER UNIVERSITARIO EN PSICOXERONTOLOXÍA NA USC, 2017 – 2018

23 de Novembro de 2017

Orde do día:

1. Presentación dos novos compoñentes da Comisión Académica
2. Lectura e aprobación, si procede, da acta da reunión anterior
3. Informe do coordinador do Master
4. Adxudicación de centros de Prácticas Externas e titores académicos para as mesmas e para os TFM
5. Turno aberto de intervencións

Acordos:

- Preséntase como novos compoñentes da Comisión académica: M^a Lourdes Mirón Redondo (decana da Facultade de Psicoloxía, e presidenta da Comisión), Socorro Rodríguez Holguín como coordinadora da Área de Calidade da FacultadE de Psicoloxía, Nuria Varela Agra, como representante do alumnado.
- Apróbase a adxudicación definitiva de centros de Prácticas Externas. A adxudicación provisoria foi consensuada polo alumnado despois de que lles fose entregada unha lista de oferta de centros. Apróbase a adxudicación de titores/as académicos para as Prácticas Externas e TFM. Tendo en conta as suxerencias feitas na última xuntanza do profesorado (20/03/2017), a titorización de Prácticas Externas e TFM será feita pola mesma persoa para poder integrar da millor maneira posible os dous traballos. Os TFM, seguindo os criterios aprobados en Comisións anteriores, son adxudicados ao profesorado que imparte docencia nas materias obrigatorias, e seguindo a seguinte distribución por áreas de coñecemento: 5 para a área Psicoloxía Evolutiva e da Educación, 3 para a área Psicobioloxía, e 1 para a área Psiquiatría.

21 de Marzo de 2019

Orde do día:

Único punto: Alegacións Informe provisional de renovación acreditación do Master Psicoxerontoloxía

Acordos:

- Apróbanse as alegacións, incluíndo accións de mellora e respostas as recomendacións, ao Informe provisional de acreditación do título aprobadas pola Comisión Académica Interuniversitarian na súa reunión do 15 de marzo de 2018.

21 de Maio de 2018

Orde do día:

Único punto: Aprobación dos programas das materias para o próximo curso 2018-19.

Acordos:

- Apróbase o programa da materia Traballo fin de Máster, que a única que se inclúe no Plan de Organización Académica, tendo en conta a oferta bianual do máster. Apróbase tamén ratificar o acordo da Comisión académica interuniversitaria para unificar o sistema de cualificación do TFM con unha ponderación do 70% para a nota da Comisión avaliadora e un 30% para a nota do/da tutor/a (Acción de mellora, no Informe de Acreditación 2017).

2 de xullo de 2018

Orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior
2. Informe do coordinador.
3. Posta en marcha das accións de mellora do Informe final de renovación de acreditación do Master.
4. Aprobación das Comisións avaliadoras dos TFM e datas de lectura dos mesmos.
5. Turno aberto de intervencións

Acordos:

- Aprobáanse as actas correspondentes aos días 23/11/2017; 21/03/2018 e 21/05/2018.
- Acórdase a posta en marcha durante o curso 2018-19 das accións de mellora aprobadas pola Comisión Académica Interuniversitaria.
- Apróbase as Comisións avaliadoras dos TFM e datas de lectura dos mesmos